



/: I a pulga i o piollo  
queríanse casar :/  
/: e non tiñan manteles  
pra pola mañá almorzar. :/

Saliu a araña  
do seu tecedal:  
/: “Eu son tecedeira,  
mándenme buscar.” :/

/: “Gracias a Dios,  
que manteles xa temos :/  
/: fáltanolo panciño,  
¿i a donde lo hallaremos?” :/

/: Saliu o rato  
do seu buraco: :/  
/: “Eu son panadeiro,  
mándenme buscar.” :/

/: Gracias a Dios  
que panciño xa temos. :/  
“Fáltanolo viñiño,  
¿i a donde lo hallaremos?.” :/

Saliu o mosquito  
do seu mosqital:  
/: “Eu son o taberneiro,  
mándenme buscar.” :/

/: “Gracias a Dios  
que viñiño xa temos :/  
/: fáltanola ixiña  
¿i a donde la hallaremos?.” :/

Saliu a hormiga  
do seu hormigal:  
/: “Eu son carniceira,  
mándenme buscar.” :/

“Gracias a Dios  
que ixiña xa temos,  
fáltanolo padriño  
¿i a donde lo hallaremos?.”



/: Saliu o sapo  
como home triunfante: :/  
/: “Sígase esa voda  
que eu son o maior danzante.” :/